

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus integrantes, **Xosé Manuel Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa aos datos de paro rexistrado de decembro do 2015.

Exposición de motivos

Os datos de paro rexistrado no noso país en decembro do 2015 recollen un incremento das persoas rexistradas nas oficinas públicas de emprego de 3.650 persoas. Con este alza Galicia ten a 228.808 persoas rexistradas en paro no servizo público de emprego (1,62% máis que no mes anterior).

O paro crece no sector primaria en 459 persoas; crece na industria en 1.318 persoas; na construción, en 2.095 persoas; e incluso en servizos (114 persoas); só descende moi levemente entre o colectivo sen emprego anterior (baixa en 336 persoas).

Ese aumento do paro dáse nun contexto onde está a caer o gasto en prestacións por desemprego e a taxa de cobertura. Incluso acaece en contraposición co descenso ocorrido no conxunto do Estado, corroborando o diferencial negativo que presenta a mala xestión económica e social de Núñez Feijóo.

O cativo crecemento dos recursos adicados as políticas activas de emprego no orzamento electoral do 2016 dista de compensar o brutal recorte das partidas neste rubro nos anos da crise-estafa. Logo de sete anos de goberno Núñez Feijóo, a Xunta reduciu nun 51% os recursos adicados a este fin, caendo de 420,9 a 205,4 millóns de euros. Como exemplo cabe citar o programa 322-B destinado á intermediación e inserción laboral que, simplemente, desaparece. Cabe preguntarse que recuperación pode darse neste eido cando o goberno da Xunta sostén unha atroz política económica e laboral contra as clases traballadoras.

Asináronse en decembro 68.646 contratos dos cales só 4.405 foron indefinidos, o que representa un 6,4% do total dos contratos. En termos tanto absolutos como porcentuais empeórase en relación cos datos do mes de novembro e cos de decembro do 2014.

Os datos reflicten en materia de emprego e paro unha dinámica claramente peor que a media estatal e afirman esa maneira de facer peor as cousas do goberno Núñez Feijóo, agrandando o diferencial negativo que a economía galega ten respecto á española no seu conxunto.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a incrementar a contía dos programas adicados a políticas activas de emprego para recuperar alomenos o nivel do orzamento do 2009.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a emprender actuacións alternativas en materia económica, que permitan reverter o diferencial negativo que Galicia presenta respecto do Estado en materia de destrución de emprego.

En Compostela, a 13 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/01/2016 12:38:40

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/01/2016 12:38:50



Ramón Vázquez Díaz na data 13/01/2016 12:38:58

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/01/2016 12:39:05

Anton Sánchez García na data 13/01/2016 12:39:07

Jose Javier Ron Fernandez na data 13/01/2016 12:39:09